



# CARAMUXO ~ TEATRO iÑAM! UN ESPECTÁCULO PARA BEBÉS



Axencia Galega das  
Industrias Culturais



CARAMUXO  TEATRO

"Ñam" e a nova aposta de Caramuxo Teatro para o público mais novo: bebés de 1 a 4 anos. Despois de realizar o primeiro espectáculo para bebés feito en Galicia, " Glub Glub" (2003) Caramuxo introduce en Galicia unha nova modalidade de teatro, as artes escénicas para os bebés. O seu segundo espectáculo específico para estas idades foi "Zapatos"(2008) que ata o momento, é o espectáculo da compañía que mais distribución e repercusión tivo fóra de Galicia, sendo un espectáculo recomendado pola Red Nacional de Teatro e Mención Especial no Festival Internacional de Títelles Vall d'Albaída no ano 2010.



Pola resposta e a demanda atopada no público e pola motivación atística e didáctica que supón para Caramuxo teatro, consideramos que o seguinte espectáculo que tiñamos que producir tiña que ser para bebés, avanzando aínda máis na liña de investigación e o traballo específico da aprendizaxe dos nenos máis pequenos.

Deste modo xurde a idea de producir " Ñam", unha nova proposta centrada no mundo dos alimentos, as súas diferentes formas, texturas, cheiros, cores... algo familiar ao ser humano dende o momento de nacer, igual a que as capacidades dos nenos para investigar con todo o que lles rodea, e particularmente coa comida. Este é o punto de partida que Caramuxo plantexa na concepción deste espectáculo. Pero tamén estarán presentes estímulos olfativos, auditivos e visuais, sempre tendo en conta a responsabilidade que conleva traballar con idades tan temperás e buscando obxetivos didácticos e artísticos pensados e concretos.



*Comer é un pracer, mais antes hai que cociñar e escoller os mellores productos: Porque as mazás poden ser verdes ou vermellas, as galletas grandes ou pequenas, os tomates da casa ou chegar do outro lado do mundo. ¡A min encántame o doce! ¡Pois eu prefiro o salgado!*

*"Ñam é un espectáculo envolvente creado a partir do mundo da cociña para ver, escoitar, ulir, sentir e saborear en familia.*





\*Polas características do espectáculo o aforamento redúcese a 80/100 espectadores segundo o espacio.

O caché inclúe dúas representacións de 35 minutos no mesmo día.



Contratación:

Caramuxo teatro.

[info@caramuxoteatro.net](mailto:info@caramuxoteatro.net)

699521803 (Juan) / 610848781 (Laura)

Rúa Punte 13 baixo. 15009. A Coruña.